

ACTA Nº 2016/7**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN****- CASA DO CONCELLO, XOVES 26 DE MAIO DE 2016 -**

No día de hoxe ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

ASISTEN:

BNG

ADELINA CES QUINTANS

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

RAQUEL GARCIA ABUIN

TOBIAS BETANZOS REGO

PP

MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO

CELSA MARIA MIGUENS PEREZ

MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

ELISA BOUZAS VICENTE

ADELA BECERRA MAYO

PSOE

MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

MARTIN COMOJO VICENTE

RIANXO EN COMÚN – SON

ANTONIO CASTRO CASTRO

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENCIAS:

BNG

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

SECRETARIO:

DALMIRO NUÑEZ MENDEZ

INTERVENTORA:

Non asiste e xustifica a súa ausencia

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

APROBACIÓN DE ACTAS

1. - APROBACIÓN DA ACTA 2016/6 DO PLENO ORDINARIO DO 28/04/2016 ASUNTOS DA C.I. DE ECONOMÍA, FACENDA E PARTICIPACIÓN VECIÑAL
 2. - MODIFICACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS PERSOAIS DE NÓMINAS E PERSOAL PARA ADECUALO AO SISTEMA DE CONTROL HORARIO
 3. - SOLICITUDE DA INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE RIANXO NA ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DACIÓNS DE CONTA
 4. - DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE ABRIL DE 2016 DENDE O NO 124/2016 ATA O NO 179/2016 E DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS 2016/7 DO 11/04/2016 E 2016/8 DO 25/04/2016
- ### OUTROS ASUNTOS
5. - PROMOCIÓN DO OUTORGAMENTO DA LETRA E DA AELG A HELENA VILLAR JANEIRO
- ### MOCIÓNS
6. - MOCIÓN PARA SUMARSE Á INICIATIVA STOP EUCALIPTO, AVANTE CARBALLO
 7. - MOCIÓN PARA A PETICIÓN DO LEVANTAMENTO DO BLOQUEO A CUBA
 8. - MOCIÓN PARA A CREACIÓN DE CONSELLOS SECTORIAIS
 9. - ROGOS E PREGUNTAS

PROPOSTAS ORDINARIAS

APROBACIÓN DA ACTA 2016/6 DO PLENO ORDINARIO DO 28/04/2016

O Secretario indica que dita acta non está concluída polo que queda pendente ata o próximo pleno ordinario.

1. MODIFICACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS PERSOAIS DE NÓMINAS E PERSOAL PARA ADECUALO AO SISTEMA DE CONTROL HORARIO

En sesión plenaria do 28/02/2013, para dar cumprimento ao artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobouse o ficheiro de datos denominado NOMINAS E PERSOAL.

O dito ficheiro foi publicado no BOP núm. 60 con datado 27/03/2013 e inscrito na Axencia Española de Protección de Datos.

O 07/04/2016 adxudicouse un contrato coa empresa MHP SERVICIOS DE CONTROL S.L. para a implantación dun sistema de control horario do persoal municipal.

Entre as cláusulas do contrato, figura como requirimento para o correcto funcionamento do

sistema a dixitalización da pegada dactilar, dato que non está recollido no actual ficheiro.

Polo tanto, requírese modificar o ficheiro de datos para incluír o novo dato de carácter persoal e a cesión dalgúns dos datos do ficheiro á empresa que presta o servizo.

O 18 de maio de 2016, emitíuse un informe favorable pola Secretaría deste concello.

Propoño á Xunta de Goberno Local, competente en virtude da delegación efectuada por Resolución nº 552/2015, do 15 de outubro, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Modificar o ficheiro de datos de carácter persoal de NÓMINAS E PERSOAL coas seguintes alteracións:

- Tipificación da finalidade: engadir “Control horario do persoal municipal” e “Xestión de permisos e vacacións”
- Datos de carácter identificador: engadir “Pegada dactilar”
- Cesión de datos: engadir “MHP SERVICIOS DE CONTROL SL”

SEGUNDO

Publicar o acordo no BOP, en cumprimento do estipulado no artigo 53.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, durante un prazo de 15 días. De non presentarse alegacións, a modificación do regulamento entenderase aprobada definitivamente.

TERCEIRO

Inscribir o ficheiro na Axencia Española de Protección de Datos, segundo o estipulado no artigo 130 e seguintes do RD. 1720/2007.

CUARTO

Comunicarlle este acordo ao departamento de persoal para os seus efectos.

A proposta foi ditaminada FAVORABLEMENTE pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Participación Veciñal, coa indicación de que de cara ao Pleno se incorporen no expediente o informe de Secretaría e referencias da empresa concesionaria, de ser posible.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

Intervén Don Tobias Betanzos Rego (BNG)

Explica que o que se pretende é aumentar a transparencia dos horarios do persoal ao servizo do Concello de Rianxo e facilitar e axilizar os permisos e vacacións daquel; engade que a xestión dos datos será municipal e que a adxudicataria do contrato aporta o soporte tecnolóxico do software.

Intervén Don Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Anuncia o voto a favor do seu grupo; pide máis información sobre a empresa adxudicataria do contrato; remata sinalando que ten a sensación de que a decisión de que o persoal ao servizo do Concello de Rianxo teña que “fichar” as súas entradas e saídas, adoptouse ao marxe do pleno.

Intervén o alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Explica polo miúdo o contido do contrato de control horario; engade que trátase de dotar ao sistema de ferramentas para definir as ausencias dos postos de traballo, ter flexibilidade horaria e afondar a conciliación da vida familiar e laboral; remata sinalando que faise o contrato por un ano para probar cómo funciona.

Intervén Dona María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Dona Vanesa Martínez Durán (PPdeG)

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Dona Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Votos a favor: 16

5 BNG
5 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Acordos:

O Pleno da corporación ACORDA APROBAR a proposta nos termos desta.

2. SOLICITUDE DA INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE RIANXO NA ÁREA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE TRANSPORTE METROPOLITANO

O Plan de Transporte Metropolitano de Galicia ten como obxectivo fundamental o de mellorar a mobilidade e accesibilidade no contorno de todas as áreas metropolitanas e, polo tanto, que os cidadáns dispoñan dun mellor servizo de transporte público colectivo

que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado. O Plan de Transporte Metropolitano na Área de Santiago de Compostela implantouse o 14 de marzo de 2011.

Dous son os piares fundamentais do novo plan:

A integración de tarifas, que supón pasar de prezos baseados na distancia xeográfica entre os puntos de orixe e chegada a unha tarifa única para cada ámbito zonal previamente definido, sen que haxa diferenzas segundo o modo de transporte público utilizado, a empresa que preste o servizo e o número de transbordos que fagan as persoas usuarias na mesma viaxe, porque estes estarán bonificados cando se realicen dentro do marco temporal habilitado para cada zona.

A mellora da oferta de servizos, que consiste en incrementar os servizos de transporte a través da implantación dos servizos de interese municipal (SiMu) e dos servizos de interese metropolitano (SiMe).

A isto, engádese o recente anuncio de implantar, por parte da Xunta, a gratuidade para os menores de idade das diferentes áreas.

Os habitantes do Concello de Rianxo formamos parte da área sanitaria de Compostela, ademais de termos moito alumnado que cursa ciclos superiores e outros estudos en Santiago que se podería beneficiar das vantaxes do sistema establecido para o transporte.

A distancia quilométrica do noso concello co centro da área é incluso inferior á de algúns dos municipios adheridos aos diferentes plans. Limitamos con concellos que xa pertencen ao Plan de Transporte Metropolitano (Rois, Padrón) polos que pasan liñas de transporte público (Arriva) que xa forman parte da área, polo que non existiría ningún tipo de problema adicional para a súa implantación.

Propoño ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Dirixirnos á Consellaría de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia para estudar a inclusión do Concellos de Rianxo na área metropolitana de Santiago de Compostela.

SEGUNDO

Facultar o alcalde de Rianxo a realizar as xestións oportunas conducentes á integración no plan de transporte metropolitano.

A proposta foi ditaminada FAVORABLEMENTE pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Participación Veciñal coa seguinte emenda: incorporar na solicitude do Concello de Dodro e elevala á xunta de forma conxunta por ambos os concellos de Dodro e Rianxo.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

Intervén Tobias Betanzos Regos (BNG).

Explica o contido do acordo que se trae á aprobación do Pleno e solicita a aprobación desta emenda:

"Incorporar na solicitude ao Concello de Dodro e elevala á xunta de forma conxunta por ambos os concellos de Dodro e Rianxo"

Os portavoces dos distintos grupos mostran o seu acordo coa emenda, que se incorpora ao texto do acordo.

Intervén Don Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Anuncia o voto a favor do seu grupo, aínda de que se queixa de que esta é unha decisión política que hai que interpretar en clave electoralista; engade que hai que optar entre pertencer ao Barbanza ou á área metropolitana de Santiago de Compostela e que hai que pensar qué se é e qué se quere ser.

Intervén Dona María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Anuncia o voto a favor do seu grupo; engade que espera que, unha vez iniciado, teña continuidade e que no pare, como pasou co Noitebus; remata sinalando que Rianxo non pode quedar fora desta iniciativa.

Intervén Dona Vanesa Martínez Durán (PPdeG)

Anuncia o voto a favor do seu grupo. Resalta o importante que é para o Concello de Rianxo que se lle inclúa no transporte metropolitano da área de Santiago de Compostela.

Intervén Dona Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o voto a favor do seu grupo; resalta que é necesario contar cunha estrutura de transporte da que se carece nestes momentos.

Intervén o alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Sinala que xa no mes de novembro trasladouse á consellería este acordo; engade que as áreas xa están creadas é que a pregunta é se interesa integrarse; el considera que si xa que Rianxo é a chave entre o Barbanza e Compostela e que a integración ten vantaxes como a gratuidade a menores e a conexión coa Universidade

Votacións:

Votos a favor: 16

5 BNG
5 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Acordos:

PRIMEIRO

Dirixirnos á Consellaría de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia para estudar a inclusión do Concellos de Rianxo e Dodro na área metropolitana de Santiago de Compostela.

SEGUNDO

Facultar o alcalde de Rianxo a realizar as xestións oportunas conducentes á integración no plan de transporte metropolitano.

3. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE ABRIL DE 2016 DENDE O NO 124/2016 ATA O NO 179/2016 E DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS 2016/7 DO 11/04/2016 E 2016/8 DO 25/04/2016

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/04/2016 ata o 28/04/2016, que comprenden os números 124/2016 ao 179/2016, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación toma coñecemento.-

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 7 da Sesión ordinaria do día 11/04/2016

- Acta Nº 8 da Sesión ordinaria do día 25/04/2016

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación toma coñecemento.-

PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

Promoción do outorgamento da letra E da AELG a Helena Villar Janeiro

Ratificación da inclusión deste punto na orden do día:

Votos a favor: 16

5 BNG

5 PP

4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Acordos:

O Pleno da corporación ACORDA a inclusión do punto na orden do día. Procedese a tratar o asunto.

O pasado 13 de febreiro a Asemblea de Socias/os da Este ano a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) aprobou por unanimidade outorgar a Letra E de 2016 a Helena Villar Janeiro. Entregaráselle no marco dos actos de homenaxe que baixo o nome "A/O Escritor/a na súa Terra – Letra E" a AELG vén celebrando desde hai 22 anos; será en Rianxo por decisión da autora, o día 25 do mes de xuño.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de máis de dúas décadas como unha celebración na que a Terra, a través neste caso do Concello de Rianxo, e a propia homenaxeada cobran un protagonismo fundamental, pois é vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Esta celebración múltiple e popular conta cunha serie de eventos como a plantación dunha árbore simbólica, a colocación dun monólito conmemorativo e a atribución do nome da homenaxeada a un espazo público do concello, ademais dun acto de estudo da traxectoria literaria da persoa recoñecida a través dunha laudatio que será feita por Marica Campo, acto que remata coa entrega da Letra E, unha peza escultórica que este ano elabora o escultor Caxigueiro

É vontade do Concello de Rianxo colaborar coa asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) coa celebración de dito acto promovendo entre outras as seguintes actuacións por parte da Corporación de Rianxo:

1. A escolla do nome de Praza de Helena Villar- Escritora para o espazo no Paseo Marítimo cercano ao peirao de Setefogas, lugar onde se instalará un monólito cun poema específico da autora para a ocasión.
2. Plantación dun loureiro nun parque do Concello.
3. Acto literario que se desenvolverá no Cuartel Vello.

Procedese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

Intervén Don Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Dona María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Anuncia o voto a favor do seu grupo e sinala que se sinten orgullosos pola distinción

Intervén Dona Vanesa Martínez Durán (PPdeG)

Anuncia o voto a favor do seu grupo e sinala que síntense halagados pola distinción

Intervén Dona Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o voto a favor do seu grupo e sinala que síntense orgullosos pola distinción

Votacións:

Votos a favor: 16

5 BNG
5 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Acordos:

O Pleno da corporación ACORDA APROBAR a proposta nos termos desta.

MOCIÓN

O Grupo Municipal de Rianxo en Común por medio do seu representante na Comisión de Medio Ambiente, Juan Losada Martínez, ao amparo da lexislación vixente, somete a consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación, se procede, da seguinte moción:

4. MOCIÓN PARA SUMARSE Á INICIATIVA STOP EUCALIPTO, AVANTE CARBALLO

Ratificación da inclusión deste punto na orden do día:

Votos a favor: 16

5 BNG
5 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Acordos:

O Pleno da corporación ACORDA a inclusión do punto na orden do día. Procedese a tratar o asunto.

Nas últimas décadas rexistrouse unha gran expansión do eucalipto en Galiza, a comunidade con maior superficie de eucaliptais do estado. No primeiro Inventario Forestal Nacional (IFN I) de 1972/73, o eucalipto estaba presente nun total de 131.181 ha. Para o segundo (IFN III), realizado en Galiza nos anos 1997 e 1998, o eucalipto estendérase xa por 396.344 ha, o 28% da superficie arborada galega. En vista dos datos provisionais dispoñibles, a finais de 2015 a superficie de eucaliptais en Galiza podería achegarse ás 500.000 ha. Parte desta área é ocupada por eucaliptos fóra de plantación, isto é, asilvestrados ou ventureiros, que medran moitas veces despois de incendios como acontece con outras especies pirófilas.

As plantacións de eucaliptos en Galiza supoñen máis da metade (52%) das existentes no estado e, só por especie, na Península Ibérica localízase o 53% da superficie mundial de *Eucalyptus globulus*, máis que en toda Australia. Asemade, nos últimos tempos unha nova especie de eucalipto, o *Eucalyptus nitens*, veu engadirse ás plantacións, chegando a espazos antes vetados para o *E. globulus*, dada a súa maior resistencia ao frío.

O aumento imparábel do eucalipto relaciónase co abandono agrario e co declive do medio rural galego, caldo de cultivo para o negocio pasteiro. A falla dun modelo produtivo sustentábel, multifuncional e socialmente inclusivo, fai que o destino de montes e terras agrarias sexa o monocultivo, nomeadamente de eucalipto, substituíndo ás frondosas autóctonas. Isto acontece perante a pasividade, cando non complicidade da Xunta, permisiva co incumprimento das normas e que coa reforma do Plano Forestal de 1993 pretende fortalecer as plantacións de *E. globulus*, consolidar o *E. nitens*, promover a biomasa e estender os cultivos enerxéticos.

Conscientes da gravidade do problema, e da necesidade de pararlle os pés ao eucalipto para garantir a biodiversidade e a persistencia dun mundo rural vivo, as organización asinantes e Rianxo en Común insta ao Pleno da Corporación a que o Concello de Rianxo

se sume a esta iniciativa e se adopten os seguintes acordos:

1. O cumprimento da actual lexislación (Lei de Montes, Lei de Costas, Lei de Conservación da Natureza, etc.) que aínda limita a plantación de eucaliptos en parcelas con masas de frondosas autóctonas, terreos agrícolas, ríos, costas, hábitats de interese... Trátase dunhas mínimas limitacións, a todas luces insuficientes, para asegurar a correcta conservación dos valores naturais da nosa terra, que en moitos casos tampouco están a cumprirse.
2. A prohibición de novas plantacións e a repoboacións con especies do xénero *Eucalyptus* nos espazos pertencentes á Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP), así como naquelas áreas con presenza de hábitats e especies incluídas na Directiva 92/43CEE.
3. A eliminación de eucaliptos ventureiros ou asilvestrados fóra de plantación, en virtude do artigo 52.2 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e do Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, a teor da Disposición adicional segunda.
4. A consideración do *Eucalyptus nitens* como unha especie exótica e invasora, perigosa para o mantemento da biodiversidade e a funcionalidade dos nosos ecosistemas, en virtude da sentenza 00274/2014 da Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional. Xa que logo, prohibir o seu cultivo en todo o territorio galego e poñer en marcha un plano de control e erradicación naquelas áreas nas que xa estea presente.
5. A urxente aprobación de medidas para protexer os nosos bosques autóctonos a través de axudas directas, a promoción de alternativas ao eucalipto e o impulso aos aproveitamentos multifuncionais e sustentábeis. Consideramos que a certificación forestal baixo o selo FSC non debe atinxir ás plantacións de eucalipto, porque nelas non se promove unha xestión forestal ambientalmente acaída, socialmente beneficiosa e economicamente viábel dos bosques.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

Intervén Don Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Dona María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Anuncia a abstención do seu grupo xa que considera que o apartado cuarto do acordo que se pretende adoptar é excesivo; mostra o seu convencemento de que é necesario delimitar zonas de distintos plantíos e protexer os nosos bosques.

Intervén Dona Vanesa Martínez Durán (PPdeG)

Anuncia o voto en contra do seu grupo. Sinala a necesidade de delimitar zonas de distintos plantíos pero que non se prohibir o eucalipto xa que do seu cultivo viven moitas familias en Galicia e que é un sector cunha transcendencia económica indudable na nosa terra.

Intervén Dona Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o voto a favor do seu grupo xa que en xeral está dacordo coa moción; queixase de que non hai un plan forestal que poña en valor os nosos montes e neste senso

mostrase totalmente dacordo coa solicitude de axudas directas para os bosques autóctonos ás que fai referencia o punto 5 da moción.

Intervén o alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Sinala que o eucalipto non necesita máis incentivos; sinala que a longo prazo a súa rendabilidade é dubidosa polos estragos que causa no terreno e nas explotacións doutras especies arbóreas (efecto invasivo).

Votacións:

Votos a favor: 7

5 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 5

0 BNG
5 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 4

0 BNG
0 PP
4 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Acordos:

O Pleno da corporación ACORDA APROBAR a proposta nos termos desta

O Grupo Municipal de Rianxo en Común, por medio do seu concelleiro Juan Losada, ao amparo do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o Real Decreto 2568/1986, de 29 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete á consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte moción:

5. MOCIÓN PARA A PETICIÓN DO LEVANTAMENTO DO BLOQUEO A CUBA

Ratificación da inclusión deste punto na orden do día:

Votos a favor: 16

5 BNG
5 PP
4 PSdeG-PSOE

2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Acordos:

O Pleno da corporación ACORDA a inclusión do punto na orden do día. Procedese a tratar o asunto.

O goberno dos Estados Unidos de Norteamérica ten sometida á República de Cuba baixo un criminal bloqueo económico, comercial e financeiro dende hai máis de medio século (tres de cada catro homes e mulleres de Cuba naceron baixo os seus efectos). O bloqueo está cualificado como un acto de xenocidio, segundo a Convención de Xenebra de 1948, así como unha medida de guerra unilateral, segundo a Declaración Relativa ao Dereito da Guerra Marítima, adoptada internacionalmente en 1909. Non obstante, o actual presidente Barak Obama mesmo chegou a prorrogar a coñecida como Lei Helms-Burton (1996) que, en esencia, permite ao goberno norteamericano aplicar represalias contra as empresas estranxeiras que comercien con Cuba.

Malia aos danos provocados ao pobo cubano pola aplicación desta medida, a realidade acredita que Cuba constitúe un dos 44 países con alto índice de desenvolvemento humano; o primeiro que eliminou a desnutrición infantil en América Latina; o 28 país máis saudable do mundo segundo o Foro de Davos; o segundo mellor país do continente americano para ser nai e o quinto na rexión como bo goberno, de acordo a Transparency International; o país que dedica maior porcentaxe do seu PIB á educación e o segundo coa menor taxa de homicidios per cápita do seu continente.

Dende o ano 1992, sucesivos informes aprobados polas Nacións Unidas determinan a necesidade de poñer fin a esta agresiva medida. A última resolución aprobada en outubro de 2015 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, titulada "Necesidade de pór fin ao bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba" concluíu con 191 países a favor da resolución, tan só dous en contra: Estados Unidos e Israel, e sen ningunha abstención. Os últimos acontecementos políticos, coa visita do presidente de EEUU de América a Cuba deixan espazo para a esperanza no camiño de conseguir un mundo libre de guerras, no que a paz, a fraternidade, a solidariedade e a liberdade rexan a relación entre os pobos

En datas recentes, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha Declaración celebrando a reanudación de relacións diplomáticas entre os Estados Unidos de América e a República de Cuba, recorda o clamor da Asemblea da ONU a prol de respectar o dereito internacional na illa e solicita o levantamento do embargo a este país. Tras a Comunidade Autónoma de Galicia, o País Vasco e Canarias téñense pronunciado igualmente en contra do bloqueo que aplica EEUU contra Cuba.

Por tódalas razóns anteriormente expostas, elévase para a súa aprobación ao Pleno Municipal o seguinte acordo:

1. Apoiándose na proximidade e nos vínculos fraternais e históricos que nos unen co pobo de Cuba, o Pleno do Concello de Rianxo subscribe a demanda ao goberno dos Estados Unidos de América e ao seu Presidente Sr. Barak Obama para que levante o bloqueio do seu país contra Cuba, que constitúe unha sistemática violación dos dereitos humanos deste pobo, é ilegal, inxusta, xenocida, contraria á paz, a convivencia pacífica e a cooperación entre as nacións e representa un dos principais obstáculos para o desenvolvemento económico e o benestar dos cidadáns cubanos.
2. Acórdase igualmente enviar a presente Moción ás embaixadas dos Estados Unidos de América e de Cuba, así coma aos medios de comunicación social”.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

Intervén Don Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Dona María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Dona Vanesa Martínez Durán (PPdeG)

Expresa a súa sorpresa pola moción e propón a seguinte transaccional (aprobada por unanimidade polo Parlamento de Galicia o 13/04/2016):

“Declaración institucional do Parlamento de Galicia sobre a prosecución das relacións diplomáticas entre os Estados Unidos de América e a República de Cuba

O Parlamento de Galicia celebra a prosecución das relacións diplomáticas entre os Estados Unidos de América e a República de Cuba.

A última resolución deste ano, a 69/5, da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, titulada “Necesidade de poñer fin ao bloqueio económico, comercial e financeiro

imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba”, concluíu con 191 países a favor da resolución e dous en contra: Estados Unidos e Israel, sen ningunha abstención.

Esta é unha expresión contundente de que todos os gobernos e pobos do mundo lle solicitan que se levante o embargo a este país, e Galicia quere mostrar tamén así o seu compromiso e proximidade polos vínculos fraternais que nos unen co pobo de Cuba.

Os últimos acontecementos políticos, coa visita do presidente de EEUU de América a Cuba, deixan espazo para a esperanza no camiño de conseguir un mundo libre de guerras, no que a paz, a fraternidade, a solidariedade e a liberdade rexan a relación entre os pobos”.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Dona Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o voto a favor do seu grupo e sinala que a moción gostalle tal e como está.

Non hai máis intervencións.

A continuación vótase o asunto.

Votacións:

Votos a favor: 16

5 BNG
5 PP
4 PSdeG-PSOE
2 Rianxo en Común-SON

Votos en contra: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Abstencións: 0

0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Rianxo en Común-SON

Acordos:

O Pleno da corporación ACORDA APROBAR a proposta nos termos desta.

6. MOCIÓN PARA A CREACIÓN DE CONSELLOS SECTORIAIS

Deixase sobre a mesa.

Mocións de Urgencia

Chegado a este punto no se trata, non se presentan ningunha.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Intervén Don Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Pregunta polo servizo municipal de auga e os enganches nela por parte dos veciños en relación coa resolución do Valedor do Pobo que instou a devolución do importe do

enganche a un dos veciños; pregunta se se considera que se realizou en condicións de liberdade de empresa ou de monopolio; se existen máis casos que o que o Valedor puxo en evidencia; a quen corresponde o mantemento dos contadores; se as instalacións das acometidas forman parte das obras do edificio.

Intervén Dona María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Pide que se reparen os bancos dos parques públicos xa que empezan a mostrar sinais de deterioro; pregunta polo desbroces nas pistas e camiños municipais; polo estado das conversas polo Centro de Día en Rianxo (que a consellería siga adiante co Consorcio Galego de Servizos Sociais, o convenio coa FEGAMP); pola Escola Infantil (sen auga quente en horario de tarde); e polo material de obra almacenado no colexio Castela (non hai obras no colexio).

Intervén Dona Vanesa Martínez Durán (PPdeG)

Pregunta se está previsto e para cando o esta, no caso de ser afirmativa a resposta, aprobar un Regulamento do Auditorio; pide habilitar zonas para autocaravanas; e pregunta pola dinamización do Parque Empresarial e se hai novas empresas que queiran instalarse en Rianxo.

Intervén o alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Respecto dos contadores da auga responde que no seu momento a Secretaría do Concello informou que esos traballos forman parte do contrato que no seu día se asinou que reserva a instalación dos contadores; sobre as preguntas do Centro de Día sinala que está prevista unha reunión cos portavoces dos distintos grupos políticos; que non pertencen ao Concello os locais da Mantela; que o problema da auga quente está amañado xa; que sobre a adhesión ao convenio coa FEGAMP hai que valorar en que modalidade se adhiere; sobre os bancos sinala que procurarán arranxar todos estes desperfectos antes do verán.

Ás 22:00 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Rianxo, luns 13 de xuño de 2016

O secretario, Dalmiro Núñez Méndez

O alcalde, Adolfo F. Muíños Sánchez